

CABRAS 4.0

FEADER 2018/044B

Coordina



Comunidade de Montes en Man Común de Meira

Telf. 986 393 188 -
Móbil: 607 489 773 - 607 489 775
E-mail: montesmeira@gmail.com



Participan



Fundación Centro Tecnolóxico de Eficiencia e Sostenibilidade Enerxética, EnergyLab

Edificio CITE XVI, Fonte das Abelleiras S/N
Campus Universitario de Vigo
36310 Vigo, Pontevedra
Telf. 986 120 450
www.energylab.es



Asociación Galega de Cooperativas Agroalimentarias (AGACA)

Rúa Tomiño, nº 22, soto 1
Telf. 981 584 783
Santiago de Compostela
Rúa Poeta Noriega Varela,
nº 30, entreplanta A
Telf. 982 201 514 - Lugo
Rúa Bedoia, nº 7, 2º, OF. 1
Telf. 988 242 481
Ourense
www.agaca.coop

Con financiamento de




Coordina



CABRAS 4.0

FEADER 2018/044B



Participan



Con financiamento de



CABRAS 4.0

FEADER 2018/044B

Actualmente, o negocio dunha explotación de cabras no monte non é rendible. O investimento en infraestrutura de contención de animais, asistencia de persoal diaria, alimentación suplementaria, perda de animais por extravío ou enfermidade, fan que os gastos da explotación poidan exceder aos ingresos por venda de animais/productos derivados.

O proxecto “Cabras 4.0” de control de rabaños a distancia é unha iniciativa orixinal e innovadora, consistente en poñer en marcha un dispositivo virtual que permita controlar o rabaño a distancia, dende a pantalla dun computador ou dispositivo portátil.



Este proxecto conta co apoio da Xunta de Galicia e do FEADER (Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural) no marco do PDR (Programa de desenvolvemento rural) de Galicia 2014-2020, mediante o programa de axudas para execución de proxectos dos grupos operativos da Asociación Europea da Innovación.

Recibe 62.013,95 € en axudas.

Coordina a Comunidade de Montes en Man Común de Meira, con participación de: Asociación Galega de Cooperativas Agroalimentarias (AGACA) e EnergyLab.

Aspira a permitir que profesionais da gandería poidan interactuar cos animais para dirixilos dunha zona a outra mediante son, vibración ou impulsos eléctricos.

OBXECTIVO:

Desenvolver un equipo autónomo para o control telemático, seguimento e protección dun rabaño de cabras sen intervención humana que poida ser aplicado de forma

secuencial en múltiples rabaños en estabulación libre, para que os controle e tutele en tempo real.

Consta dun sistema de identificación unitaria con seguimento e control, autónomo, alimentado con enerxía solar, que actuará mediante parámetros ambientais, de estrés ou ausencia dalgún animal, mediante GPS, pulsómetro e cámaras.

O sistema permite indicar aos animais cando deben volver á corte ou refuxio, guíalos alí, velos e contalos en tempo real.

METODOLOXÍA:

- Desenvolvemento dun sistema de alimentación mediante enerxías renovables, con custo enerxético cero: paneis fotovoltaicos sobre cubertas existentes.
 - Desenvolvemento dun dispositivo de seguimento e control que obedeza a parámetros ambientais (temperatura, luz, humidade) e á tensión nos animais, atendendo de forma complementaria a un vinculamento co sistema de acubillo, coa seguridade dos animais e ante axentes adversos.
 - O dispositivo debe ser capaz de activar un sistema de alarma en caso de necesidade, alertando a o pastor humano e ordenando aos animais desprazarse onde conveña.
- Creación de dous campos de ensaio con reclamos acústico-alimentarios e outro con medidas disuasorias.
 - Interactividade: toma de datos e observacións secuenciais como base para analizar comportamentos diferenciados.
 - Manexo. O sistema adáptase ao comportamento do gando:
 - Os dispositivos creados son pequenos, lixeiros e resistentes a golpes e outro tipo de impactos derivados da actividade animal.
 - As reses pasan unha fase de posta en práctica para afacérense ao uso do collar e permitir o estudo das súas reaccións para establecer que proporción e tipoloxía de animal (adulto, novo, dominante, líder) debe equiparse co dispositivo electrónico en cada rabaño.

